



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 318
12 de maio de 2022

Fascículo 3



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Designación da Ponencia que debería emitir informe sobre o Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga [125286](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ 34474 e 34475 (11/PPL-000011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Proposición de lei da regulación do xogo en Galicia [125294](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Aprobación por unanimidade con modificacións

■ 33812 (11/PNC-003073)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Moureira, María Sol e seis deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da clarificación de criterios para autorizar os cambios de uso das construcións tradicionais do litoral [125287](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 33462 (11/PNC-003038)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e catro deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implantar a vacinación antirrábica obrigatoria en animais domésticos [125287](#)



COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**Rexeitamento da iniciativa****I 33457 (11/PNC-003037)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para fortalecer a posición das empresas galegas nos mercados exteriores ante o novo escenario derivado da guerra de Ucraína

[125288](#)

I 33996 (11/PNC-003096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter o poder adquisitivo dos salarios

[125288](#)

1.4. Procedementos de información**1.4.4. Preguntas****1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito****Admisión a trámite e publicación****I 34278 (11/PRE-010662)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a importancia de conservar as turbeiras de Galicia e as previsións para a elaboración do inventario de zonas húmidas protexidas

[125367](#)

I 34296 (11/PRE-010663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción do centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense

[125370](#)

I 34312 (11/PRE-010664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre os datos dos resultados das aldeas modelo

[125374](#)

I 34318 (11/PRE-010665)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre a garantía dos dereitos lingüísticos dos galegofalantes no ámbito sanitario

[125378](#)

I 34333 (11/PRE-010666)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o tratamento e atención ás persoas que padecen epilepsia no Sistema sanitario de Galicia

[125383](#)

I 34336 (11/PRE-010667)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as obras na estrada OU-536

[125385](#)

I 34347 (11/PRE-010668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as medidas que está a tomar o Goberno galego para apoiar as empresas do sector de carburantes en Galicia ante o proceso de transición enerxética

[125387](#)

I 34351 (11/PRE-010669)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións que está a realizar o Goberno galego para dar continuidade ao convenio co Estado para continuar traducindo ao galego o suplemento do *Boletín Oficial del Estado*

[125391](#)

I 34363 (11/PRE-010670)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a eliminación da materia de xeografía e historia de Galicia como optativa autonómica do bacharelato

[125394](#)

I 34367 (11/PRE-010671)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a exclusión das explotacións con menos de dez vacas nutrices da orde pola que se establecían axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da covid-19

[125396](#)

I 34391 (11/PRE-010672)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a continuidade do sistema de subvencións de concorrência competitiva para asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abastos para o ano 2022

[125399](#)

I 34419 (11/PRE-010673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a adquisición pola Xunta de Galicia de varias parcelas no barrio das Lagoas, en Ourense

[125401](#)

I 34431 (11/PRE-010674)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a valoración respecto dos casos de agresións de odio contra as persoas lesbianas, gais, trans-xénero, transexuais, bisexuais e intersexuais e as medidas previstas ao respecto [125405](#)

I 34435 (11/PRE-010675)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre os criterios empregados por Augas de Galicia para establecer convenios de colaboración con determinados concellos e a valoración do Goberno galego dos obxectivos acadados con eles

[125408](#)

I 34448 (11/PRE-010676)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical

[125410](#)

I 34451 (11/PRE-010677)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a materia de música nos distintos currículos educativos

[125412](#)

I 34457 (11/PRE-010678)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta para garantir a oferta do bacharelato de artes o vindeiro curso 2022-2023

[125415](#)

I 34463 (11/PRE-010679)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre o estado das instalacións dos centros de ensinanza infantil e primaria do Grove

[125418](#)

I 34468 (11/PRE-010680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre a eliminación dunha praza de médico de atención primaria e unha consulta de enfermaría no centro de saúde da Rúa

[125422](#)

I 34483 (11/PRE-010681)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o cumprimento do acordo parlamentario de garantir a comunicación das persoas xordas na asistencia sanitaria pública a través de intérpretes de lingua de signos

[125427](#)

I 34491 (11/PRE-010682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre os tempos de agarda para a valoración do grao de discapacidade e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto [125429](#)

I 34500 (11/PRE-010683)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar o sector industrial e o emprego na comarca da Mariña [125432](#)

I 34505 (11/PRE-010684)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co proceso de liquidación da empresa Alu Ibérica [125435](#)

I 34521 (11/PRE-010685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas demandas trasladadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias na xuntanza da Comisión de Cooperación Local do 19 de febreiro de 2021 [125439](#)

I 34525 (11/PRE-010686)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o peche dunha oficina bancaria no barrio da Carballeira, en Ourense [125443](#)

I 34532 (11/PRE-010687)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio dos trámites para a integración das marismas do río Baxoi na Rede Natura 2000 [125446](#)

I 34552 (11/PRE-010688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes e os tempos de agarda para a avaliación da discapacidade [125449](#)

I 34563 (11/PRE-010689)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de aumentar o persoal do centro de saúde de Novo Mesoiro na Coruña [125453](#)

I 34570 (11/PRE-010690)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incorporación das melloras que suxire o Consello Económico e Social de Galicia ao I Plan galego contra a trata e a explotación sexual 2022-2024

[125457](#)**I 34576 (11/PRE-010691)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a evolución do emprego na provincia de Ourense

[125460](#)**I 34591 (11/PRE-010692)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co acordo asinado co Concello de Meis para a construción dun novo centro de saúde

[125463](#)**I 34594 (11/PRE-010693)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as máscaras que o Sergas recibiu de Sibuco SL

[125465](#)**I 34599 (11/PRE-010694)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre os centros escolares nos que a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade ten previsto desenvolver o Plan de nova arquitectura pedagóxica

[125467](#)**I 34614 (11/PRE-010695)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a construción dunha pasarela entrámbalas beiras da ría da Coruña

[125468](#)**I 34623 (11/PRE-010696)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a dotación de persoal no Centro de Saúde de Oza dos Ríos

[125470](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Designación da Ponencia que debería emitir informe sobre o proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 6 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Designación da Ponencia

- 32399 (11/PL-000013)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

BOPG nº 295, do 22.03.2022

— G. P. Popular de Galicia (P): Diego Calvo Pouso (titular) e José Manuel Rey Varela (suplente)

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG): Xosé Luís Bará Torres (titular) e Alexandra Fernández Gómez (suplente)

— G. P. dos Socialistas de Galicia (S): Begoña Rodríguez Rumbo (titular) e Pablo Arangüena Fernández (suplente)

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Admisión a trámite da Proposición de lei da regulación do xogo en Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 12 de maio de 2022, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite da Proposición de lei da regulación do xogo en Galicia

- 34474 e 34475 (11/PPL-000011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei da regulación do xogo en Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:



1º. Admitir a trámite a Proposición de lei da regulación do xogo en Galicia.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 6 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 33812 (11/PNC-003073)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da clarificación de criterios para autorizar os cambios de uso das construcións tradicionais do litoral

BOPG nº 312, do 27.04.2022

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que clarifique o seu criterio á hora de autorizar os cambios de uso das construcións tradicionais do litoral que non desvirtúen a protección do dominio público marítimo-terrestre.»

Rexeitamento da iniciativa

- 33462 (11/PNC-003038)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implantar a vacinación antirrábica obrigatoria en animais domésticos

BOPG nº 307, do 13.04.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 2 votos a favor, 7 votos en contra e 3 abstencións.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 6 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 33457 (11/PNC-003037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para fortalecer a posición das empresas galegas nos mercados exteriores ante o novo escenario derivado da guerra de Ucraína

BOPG nº 307, do 13.04.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 2 votos a favor, 7 votos en contra e 3 abstencións.

- 33996 (11/PNC-003096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter o poder adquisitivo dos salarios

BOPG nº 312, do 27.04.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 12 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:



Admisión a trámite e publicación

- 34278 (11/PRE-010662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a importancia de conservar as turbeiras de Galicia e as previsións para a elaboración do inventario de zonas húmidas protexidas

- 34296 (11/PRE-010663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción do centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense

- 34312 (11/PRE-010664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre os datos dos resultados das aldeas modelo

- 34318 (11/PRE-010665)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre a garantía dos dereitos lingüísticos dos galegofalantes no ámbito sanitario

- 34333 (11/PRE-010666)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o tratamento e atención ás persoas que padecen epilepsia no Sistema sanitario de Galicia

- 34336 (11/PRE-010667)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as obras na estrada OU-536

- 34347 (11/PRE-010668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as medidas que está a tomar o Goberno galego para apoiar as empresas do sector de carburantes en Galicia ante o proceso de transición enerxética

- 34351 (11/PRE-010669)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións que está a realizar o Goberno galego para dar continuidade ao convenio co Estado para continuar traducindo ao galego o suplemento do *Boletín Oficial del Estado*



- 34363 (11/PRE-010670)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a eliminación da materia de xeografía e historia de Galicia como optativa autonómica do bacharelato

- 34367 (11/PRE-010671)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a exclusión das explotacións con menos de dez vacas nutrices da orde pola que se establecían axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da covid-19

- 34391 (11/PRE-010672)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a continuidade do sistema de subvencións de concorrencia competitiva para asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abastos para o ano 2022

- 34419 (11/PRE-010673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a adquisición pola Xunta de Galicia de varias parcelas no barrio das Lagoas, en Ourense

- 34431 (11/PRE-010674)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a valoración respecto dos casos de agresións de odio contra as persoas lesbianas, gais, trans-xénero, transexuais, bisexuais e intersexuais e as medidas previstas ao respecto

- 34435 (11/PRE-010675)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre os criterios empregados por Augas de Galicia para establecer convenios de colaboración con determinados concellos e a valoración do Goberno galego dos obxectivos acadados con eles

- 34448 (11/PRE-010676)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical

- 34451 (11/PRE-010677)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a materia de música nos distintos currículos educativos



- 34457 (11/PRE-010678)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta para garantir a oferta do bacharelato de artes o vindeiro curso 2022-2023

- 34463 (11/PRE-010679)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre o estado das instalacións dos centros de ensinanza infantil e primaria do Grove

- 34468 (11/PRE-010680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre a eliminación dunha praza de médico de atención primaria e unha consulta de enfermaría no centro de saúde da Rúa

- 34483 (11/PRE-010681)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o cumprimento do acordo parlamentario de garantir a comunicación das persoas xordas na asistencia sanitaria pública a través de intérpretes de lingua de signos

- 34491 (11/PRE-010682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os tempos de agarda para a valoración do grao de discapacidade e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

- 34500 (11/PRE-010683)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar o sector industrial e o emprego na comarca da Mariña

- 34505 (11/PRE-010684)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co proceso de liquidación da empresa Alu Ibérica

- 34521 (11/PRE-010685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas demandas trasladadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias na xuntanza da Comisión de Cooperación Local do 19 de febreiro de 2021



- 34525 (11/PRE-010686)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o peche dunha oficina bancaria no barrio da Carballeira, en Ourense

- 34532 (11/PRE-010687)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio dos trámites para a integración das marismas do río Baxoi na Rede Natura 2000

- 34552 (11/PRE-010688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes e os tempos de agarda para a avaliación da discapacidade

- 34563 (11/PRE-010689)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de aumentar o persoal do centro de saúde de Novo Mesoiro na Coruña

- 34570 (11/PRE-010690)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incorporación das melloras que suxire o Consello Económico e Social de Galicia ao I Plan galego contra a trata e a explotación sexual 2022-2024

- 34576 (11/PRE-010691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a evolución do emprego na provincia de Ourense

- 34591 (11/PRE-010692)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co acordo asinado co Concello de Meis para a construción dun novo centro de saúde

- 34594 (11/PRE-010693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as máscaras que o Sergas recibiu de Sibuco SL

- 34599 (11/PRE-010694)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Díaz Varela, Noa Susana

Sobre os centros escolares nos que a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade ten previsto desenvolver o Plan de nova arquitectura pedagóxica

- 34614 (11/PRE-010695)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a construción dunha pasarela entrámbalas beiras da ría da Coruña

- 34623 (11/PRE-010696)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a dotación de persoal no Centro de Saúde de Oza dos Ríos

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei da regulación do xogo en Galicia**.

Exposición de motivos

O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu preciso punto 27, asume como competencia exclusiva de Galicia a xestión de casinos, xogos e apostas con exclusión das Apostas Mutuas Deportivo Benéficas. En relación co anterior, e como resultado do acordo Estado – Comunidade Autónoma, ditouse o Real decreto 228/1985, de data 6 de febreiro de 1985, polo que se concreta o que, en materia de xogo, son competencias exclusivas e concorrentes do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. A partir deste marco normativo e da atribución de competencias, Galicia dotouse da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia.

Esta estrutura normativa, froito da definición de competencias e da construción do marco institucional e legal da década de 1980, dotou a Galicia da primeira Lei do xogo, que permitía regular dereitos e deberes das persoas implicadas, das empresas operadoras e do funcionamento do propio xogo e as apostas vinculadas. Así abríase a posibilidade, naquel momento, a vía para ordenar un sistema sobre o que era menos coñecida a súa consecuencia sobre o comportamento das persoas e apenas era entendida unha visión de creación de espazos de liberdade pero non de protección das persoas.

Case 40 anos despois, a evolución da sociedade deixa esta regulación absolutamente desfasada, obsoleta e, na maior parte do seu contido, tan inoperativa como desconectada coa realidade actual. A chegada das novas tecnoloxías, o avance en novos formatos e sistemas, o desenvolvemento de novas fórmulas e mecanismos de xogo así como a propia evolución da sociedade en conxunto evidencian, de maneira clamorosa, a necesidade de regular novamente o conxunto do referido ao xogo e as apostas.



Como froito de todo o anterior, a actividade do xogo ven implantándose de maneira intensiva no territorio galego durante estas décadas, pero especialmente no caso dos últimos anos. As investigacións desenvolvidas sobre o asunto evidencian varias cuestións de relevancia.

En primeiro lugar a intensidade do xogo ven elevándose nos últimos tempos. Serviría para isto apelar ao medio centenar de locais de xogo e apostas rexistrados e abertos en Galicia dende 2015, e as máis de 3600 licencias concedidas para máquinas de apostas en locais de hostalería. Tamén os datos ofrecidos polo propio Consejo Empresarial del Juego (CEJUEGO) apuntan nesa dirección, ao destacar un incremento superior ao 14% do xogo no seu informe de 2019.

Un elemento de extrema preocupación é o cambio do perfil do xogador, que ve reducida a idade media de inicio do xogo. Así, aínda sendo unha actividade non permitida a menores de idades, numerosos estudos apuntan a un inicio dos contactos co xogo en menores. Apuntan a isto tanto os datos extraídos dos estudos de carácter público, como o SICRI (Sistema de Información de Conductas de Riesgo) ou máis recentes estudos do ámbito académico que apuntan a unha elevada presenza en adultos novos (Vázquez-Fernández, M.J. e Barrera-Algarín, E. (2020). El juego online en España y las apuestas deportivas: los jóvenes como nuevos perfiles con ludopatía. *Health and addictions*, 20(2), 61-69) e menores de idade (Gómez, P., Feijóo, S., Braña, T., Varela, J. e Rial, A. (2020). Minors and online gambling: prevalence and related variables. *Journal of Gambling Studies*, 36, 735-745). Recentes investigacións con datos obtidos de grandes mostras de poboación galega apuntan datos tremendamente preocupantes como que 1 de cada 3 mozos/as menores de idade apostaron cartos algunha vez na súa vida, e un de cada sete xa o fixo antes de cumprir os 14 anos. Esta práctica, aínda non sendo legalmente permitida nesas idades como é obvio, evidencia unha enorme laxitude tanto na lexislación que debe controlalo como na visión social que o asume e permite (Informe do estudio sobre menores e apostas na comunidade galega. Unidade de psicoloxía do consumidor e usuario – USC, 2019).

Así mesmo é perfectamente coñecido que a idade de inicio é un dos factores determinantes para a propensión a desenvolver condutas aditivas futuras, polo que o descenso da idade de contacto co xogo é un elemento de alerta de elevadísima importancia. Así é importante coñecer os factores relacionados



con esa propensión e actuar sobre eles (Chóliz, M., e Lamas, J. (2017) “¡Hagan juego, menores!” Frecuencia de juego en menores de edad y su relación con indicadores de adicción al juego. *Revista Española de Drogodependencias*, 42(1), 34–47).

De maneira engadida é importante destacar o coñecemento aportado polas investigacións e os expertos á hora de coñecer os modelos comportamentais que conlevan condutas de risco, e como os elementos de expectativa, coste e oportunidade sobre a conduta poden axudar non só a prever as condutas senón a anticiparse a elas (Canale, N., Vieno, A., Griffiths, M. D., Rubaltelli, E., e Santinello, M. (2015). How do impulsivity traits influence problem gambling through gambling motives? The role of perceived gambling risk/benefits. *Psychology of Addictive Behaviors*, 29, 813–823.)

En conclusión sobre todo o anterior resulta de importancia absoluta afrontar unha nova regulación da actividade do xogo, xa que é un elemento decisivo para poder levar a cabo políticas públicas de prevención e loita contra a adición (López-González, H., Guerrero-Solé, F., Estévez, A. e Griffiths, M. (2017). Betting is loving and bettors are predators: a conceptual metaphor approach to online sports betting advertising. *Journal of gambling studies*. Open access). A presente lei pretende renovar o marco lexislativo con respecto ao xogo para pasar a entender a necesidade de impulsar unha práctica e uso responsable, protexendo á persoa usuaria ante as prácticas abusivas e de fomento da adición e especialmente aos e ás menores de idade e ás persoas adultas en idades máis novas.

Afrontar unha realidade na que debemos conxugar o dereito das persoas ao xogo e das empresas a promover e ofertar esta actividade, así como a necesaria concienciación social sobre o seu uso responsable e a prevención de problemas de conduta relacionados con condutas aditivas. A promoción dun uso responsable e no que existan garantías para todos os axentes implicados debe ser o primordial e prioritario nas políticas derivadas da aplicación desta lexislación.

O Título I deste texto lexislativo presenta o marco de acción e de regulación, así como define os principios reitores e incide na necesidade e obxectivo claro de toda a lei de defender as políticas de xogo responsable. Neste punto xa se inclúe na conceptualización a realidade de que as condutas en torno ao xogo e apostas poden xerar comportamentos aditivos e, por tanto, a necesidade de



regular en favor dos colectivos de risco e de reducir o impacto negativo que poida xerar o xogo e o seu contexto. A este obxectivo vai dedicado en profundidade o Título II, que define os xogos autorizados e prohibidos, expoñendo tamén a Estratexia Galega Integral de Prevención e Tratamento de Xogo Patolóxico, que a lei impulsa e implica desenvolver para responder ás necesidades de afrontar os posibles problemas de ludopatía. Así mesmo inclúese neste Título o referido ás limitacións á publicidade e difusión do xogo, toda vez que o coñecemento das ciencias sociais ten evidenciado o enorme potencial da publicidade e estratexia de vinculación teñen para atraer ás persoas ao xogo e á súa práctica, protexendo así ás persoas do acceso a condutas de carácter aditivo e os primeiros contactos de persoas de colectivos especialmente vulnerables ante o xogo. Estas limitacións implicarán a prohibición da publicidade nos medios públicos de comunicación, ou en espazos de clara visibilidade en contornos públicos como o transporte ou a publicidade en vía pública.

O Título III regula a ordenación do xogo, co recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas implicadas, incluíndo tamén ás persoas traballadoras en empresas dedicadas ao xogo, así como tamén dereitos e deberes das propias empresas, para esclarecer o marco regulatorio de relación. Neste ámbito normativízanse tanto os procedementos administrativos para a obtención de licencias e actividade, adaptando ditos procedementos á estrutura administrativa actual, e incluíndo elementos de control como a necesidade de renovar as solicitudes de licencias cada 5 anos. No que corresponde aos distintos xogos, e establecementos nos que se poden practicar, clarifícanse as posibilidades de instalación de máquinas de xogo e apostas en función dos tipos de establecementos. Esta normativa avanza na definición de todos os distintos tipos de xogos, o que responde á necesidade de ampliar os marcos do definido en normativas anteriores polo evidente avance tecnolóxico e a proliferación de novos formatos. Neste eido tamén son regulados, na medida do posible legalmente, os espazos web dedicados ao xogo e apostas.

Os establecementos que poden dispoñer de máquinas para xogos e apostas, tanto sexan en dedicación exclusiva como os establecementos de hostalería que poden dispoñer de máquinas de apostas, son obxecto de tratamento tamén no Título III. Neste último caso, introdúcese unha limitación á dispoñibilidade de máquinas de apostas ou xogos nos establecementos de hostalería, habilitando que poida ser unha máquina, a escolla do propietario/a no tipo, a que poida estar en disposición de xogar no establecemento, toda vez que non son locais



específicos para esta actividade e estas funcionan como un complemento do servizo propio do local. Establécese, para os locais específicos, unha distancia mínima de 850 metros a un centro educativo, para garantir a dificultade de acceso aos colectivos máis sensibles aos efectos dos impactos destas condutas, e tamén a limitación de distancia entre propios locais, marcada en 500 metros, evitando a saturación deste tipo de establecementos nunha zona determinada. Outórgase tamén aos concellos, nesta liña, algunha marxe de manobra para establecer zonas con maior protección cando existan razóns para considerar unha saturación territorial no seu dominio, implicando así á Administración local no control e seguimento destas actividades.

O Título IV está dedicado á inspección do xogo, fornecendo dun marco de acción ao corpo de inspección para actuar neste campo, e o Título V reflicte o réxime sancionador que debe estar vixente en función da normativa expresada no resto da lexislación.

En termo xeral esta Lei do xogo de Galicia formula a necesidade de regular unha actividade na que existen intereses lexítimos e dereitos das persoas e entidades, pero no que a administración pública debe estar implicada para garantir que este exercicio sexa realizado baixo o control e orientación de establecerse dentro dun marco protector.

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

ÍNDICE

Título I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto da lei.

Artigo 2. Ámbito de aplicación da lei.

Artigo 3. Principios reitores da actividade de xogo.

Artigo 4. Políticas de xogo responsable.



Título II. Medidas de Prevención da ludopatía.

Artigo 5. Medidas de carácter xeral para a prevención da ludopatía.

Artigo 6. Estratexia galega integral de prevención e tratamento do xogo patolóxico.

Artigo 7. Perspectiva inclusiva.

Artigo 8. Limitacións da publicidade, promoción, patrocinio e información comercial.

Artigo 9. Xogos autorizables.

Artigo 10. Xogos prohibidos.

Título III. Organización e ordenación da actividade do xogo.

Capítulo I. Órganos de control do xogo e competencias.

Artigo 11. Atribucións do Consello.

Artigo 12. Atribucións da consellería competente en materia de xogo.

Artigo 13. Atribucións do órgano directivo competente en materia de xogo.

Artigo 14. Observatorio do Xogo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 15. A Comisión Técnica de Coordinación Interadministrativa en Materia de Xogo.

Capítulo II. Das persoas xogadoras e do persoal das empresas de xogo.

Sección primeira. Persoas xogadoras.

Artigo 16. Dereitos das persoas xogadoras.

Artigo 17. Obrigas das persoas xogadoras.

Artigo 18. Prohibicións de participación en actividades de xogo.

Artigo 19. Prohibicións de acceso a locais e portais web de xogo.

Sección segunda. Persoal das empresas de xogo.



Artigo 20. Do persoal que realiza a súa actividade en empresas de xogo.

Sección terceira. Rexistro de persoas excluídas de acceso ao xogo da Comunidade Autónoma de Galicia e control de admisión.

Artigo 21. Rexistro de Persoas Excluídas de Acceso ao Xogo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 22. Control de admisión en locais de xogo e no xogo realizado por medios electrónicos, informáticos, telemáticos ou interactivos.

Capítulo III. Empresas de xogo.

Sección primeira. Autorizacións

Artigo 23. Autorizacións.

Artigo 24. Requisitos xerais das autorizacións das empresas de xogo.

Artigo 25. Extinción e revogación das autorizacións.

Sección segunda. Requisitos das empresas de xogo.

Artigo 26. Requisitos de constitución das empresas de xogo.

Artigo 27. Prohibicións para ser titular de autorizacións para a organización do xogo.

Artigo 28. Fianzas.

Capítulo IV. Tipos de xogo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sección primeira. Modalidades de xogos presenciais.

Artigo 29. Xogos de lotarías e boletos.

Artigo 30. Os xogos de casinos.

Artigo 31. Xogos de bingo.

Artigo 32. Xogos de máquinas recreativas ou de azar.

Artigo 33. Clasificación das máquinas de xogo.



Artigo 34. Requisitos e localización das máquinas de xogo.

Artigo 35. Xogo das apostas.

Artigo 36. As rifas, tómbolas e combinacións aleatorias.

Sección segunda. Xogo practicado a través de medios electrónicos, informáticos, telemáticos ou interactivos.

Artigo 37. Definición.

Artigo 38. Autorización.

Artigo 39. Requisitos das empresas.

Artigo 40. Obrigas das empresas de xogo.

Artigo 41. Dereitos e obrigas das persoas xogadoras.

Artigo 42. Sistemas técnicos de xogo.

Artigo 43. Unidade Central de Xogo.

Capítulo V. Locais de xogos.

Sección primeira. Establecementos de xogo.

Artigo 44. Establecementos de xogo.

Artigo 45. Casinos de xogo.

Artigo 46. Salas de bingo.

Artigo 47. Salóns recreativos.

Artigo 48. Salóns de xogo.

Artigo 49. Locais específicos de apostas.

Artigo 50. Outros locais habilitados para a instalación de máquinas de xogo.

Capítulo VI. Homologación do material de xogo e laboratorios de ensaio.

Artigo 51. Homologación de material de xogo.

Artigo 52. Laboratorios ou entidades de ensaio.



Capítulo VII. Rexistro Xeral de Xogo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 53. Rexistro Xeral de Xogo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Título IV. Inspección e control da actividade do xogo.

Artigo 54. A inspección.

Artigo 55. Funcións e facultades da inspección.

Artigo 56. Actas de inspección.

Título V. Réxime sancionador.

Artigo 57. Infraccións administrativas.

Artigo 58. Infraccións moi graves

Artigo 59. Infraccións graves.

Artigo 60. Infraccións leves.

Artigo 61. Responsables das infraccións.

Artigo 62. Sancións administrativas.

Artigo 63. Competencia para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 64. Sancións accesorias.

Artigo 65. Gradación das sancións.

Artigo 66. Pago das sancións.

Artigo 67. Procedemento sancionador.

Artigo 68. Prescrición e caducidade.

Artigo 69. Medidas provisionais.

Artigo 70. Finalidade das sancións



Disposición transitoria primeira.	Normativa dos regulamentos de xogo.
Disposición transitoria segunda.	Réxime transitorio das autorizacións concedidas de acordo coa normativa anterior.
Disposición transitoria terceira.	Réxime sancionador.
Disposición transitoria cuarta.	Fianzas.
Disposición transitoria quinta.	Apostas no xogo de Pilota Galega.
Disposición transitoria sexta.	Suspensión das autorizacións de explotación.
Disposición transitoria sétima.	Período transitorio de adaptación dos salóns de xogo.
Disposición transitoria oitava.	Período transitorio de adaptación das máquinas de xogo tipo B e das máquinas auxiliares de apostas.
Disposición transitoria novena.	Máquinas auxiliares de apostas en locais de hostalaría e similares e en recintos deportivos.
Disposición transitoria décima.	Moratoria de novas autorizacións.
Disposición transitoria undécima.	Prazo de elaboración da Estratexia galega integral de prevención e tratamento do xogo patolóxico.
Disposición adicional primeira.	Instalación en réxime de ensaio.
Disposición adicional segunda.	Zonas saturadas de establecementos de xogo.
Disposición adicional terceira.	Modificación da disposición adicional cuarta da Lei 2/2018.
Disposición adicional cuarta.	Do corpo de inspección ao xogo



Disposición adicional quinta.

Modificación da disposición adicional quinta da Lei 10/2010, do 9 de xullo, de ordenación e xestión da función pública galega.

Disposición derogatoria única.

Derrogacións normativas.

Disposición final primeira.

Desenvolvemento normativo.

Disposición final segunda.

Entrada en vigor.



PREÁMBULO

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto da lei.

A presente lei ten por obxecto:

a) A regulación, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, do xogo nas súas distintas modalidades e denominacións, e en xeral de calquera actividade pola que se arrisquen cantidades de diñeiro ou obxectos susceptibles de avaliación económica, en función do resultado dun acontecemento futuro incerto, independentemente da incidencia que nel teña a habilidade dos participantes ou o mero azar.

A práctica do xogo, obxecto desta lei, pode realizarse de forma presencial ou a través de medios electrónicos, telemáticos ou de comunicación a distancia, nas condicións e cos requisitos que se determinen nesta lei e nos regulamentos que a desenvolvan.

b) A prevención do xogo patolóxico ou ludopatía.

Artigo 2. Ámbito de aplicación da lei.

1. Esta lei será de aplicación ás persoas físicas e xurídicas que interveñan na xestión, explotación e práctica dos xogos, así como ás dedicadas á fabricación, comercialización, distribución, instalación e mantemento do material relacionado co xogo e outras actividades conexas.

2. Quedan excluídos do ámbito desta lei:

a) O xogo e as competicións de puro pasatempo ou recreo constitutivos de usos sociais de carácter tradicional, familiar ou amigable, sempre que non sexan obxecto de explotación lucrativa polas persoas xogadoras ou outras persoas e sen que en ningún caso interveña diñeiro ou premios susceptibles de valoración económica, excepto no suposto previsto no parágrafo seguinte.



En calquera caso considérase de carácter social o xogo do bingo ou outros de formato e carácter nitidamente amigable nos centros de atención social, nos que deberase tender a minorizar na medida do posible o posible valor dos premios a entregar.

b) As máquinas expendedoras que se limiten a efectuar mecanicamente a venda dos produtos ou mercadorías, sempre que o valor do diñeiro depositado nas máquinas corresponda ao valor de mercado dos produtos que entreguen nos termos que regulamentariamente se determinen.

c) As máquinas, aparellos, instrumentos ou dispositivos que utilicen redes informáticas, telemáticas, ou calquera outro medio de comunicación ou conexión a distancia cuxo obxecto sexa a reprodución de imaxes, música, comunicación, información, sen posibilidade de acceso a algún tipo de xogo con aposta. Pola utilización destes servizos non se poderán conceder premios en metálico ou en especie.

d) As máquinas de mero pasatempo ou recreo que non ofrecen á persoa xogadora ou usuaria premio en metálico ou en especie, nin directa nin indirectamente, limitándose a conceder á usuaria un tempo de uso ou de xogo a cambio do prezo da partida. Estas máquinas non poderán utilizar imaxes ou efectuar actividades propias de locais non autorizados para persoas menores de idade.

e) As máquinas ou aparellos de natureza estritamente manual ou mecánica, ou con incorporación de elementos electrónicos que non teñan influencia decisiva para o desenvolvemento do xogo, sempre que non dean premio directo ou indirecto algún, e expresamente se determine regulamentariamente.

f) As apostas Mutuas Deportivo Benéficas e os xogos reservados á competencia da Administración do Estado.

Sen embargo, nos termos, condicións e requisitos establecidos nesta lei e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, a apertura de locais presenciais abertos ao público e a instalación de equipos en todos os locais de pública concorrência, que permitan a participación en xogos a través de canles electrónicas, informáticos, telemáticos e interactivos autorizados pola Administración do Estado, esixirá, en todo caso, autorización administrativa,



previa, do órgano competente en materia de xogo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Non resulta esixible a autorización mencionada para a apertura de locais e para a instalación de terminais que permitan a participación nos xogos de lotarías da reserva, conforme ao previsto na disposición adicional primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

Artigo 3. Principios reitores da actividade de xogo.

1. As actuacións en materia de xogo atenderán aos principios de:

a) Protección das persoas menores de idade e daquelas que teñan reducidas as capacidades intelectuais e volitivas, ou se atopen incapacitadas legal ou xudicialmente así como aquelas persoas inscritas no Rexistro de Persoas Excluídas de Acceso ao Xogo da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Xeral de Interdiccións de Acceso ao Xogo, impedindo o seu acceso á práctica e aos establecementos de xogo en calquera das modalidades.

b) Respecto ás regras básicas dunha política de xogo responsable.

c) Prevención do xogo patolóxico e dos prexuízos a persoas usuarias e, en especial, aos colectivos sociais máis vulnerables.

d) Transparencia no desenvolvemento dos xogos nas distintas modalidades.

e) Garantía do pago dos premios e de que non se produzan fraudes no desenvolvemento dos xogos.

f) Medidas de intervención e control por parte da Administración.

g) Colaboración no cumprimento da lexislación de prevención de fraude e branqueo de capitais.

h) Seguridade xurídica das empresas operador e das persoas que participen en xogos.

i) Fomento de emprego estable e de calidade no sector.

2. En todo caso, na ordenación do xogo, terase en conta a realidade e a incidencia social da actividade de xogo, as repercusións económicas e a



diversificación empresarial do xogo, nas distintas modalidades. Deberase favorecer a concorrência en condicións de igualdade, non se deberá fomentar o hábito do xogo e deberanse evitar os seus efectos negativos. Para iso a Administración deberá velar pola aplicación dos principios reitores e as empresas deberán colaborar neste obxectivo.

3. As empresas ou os axentes que exerzan a actividade do xogo non poderán conceder préstamos nin calquera outra modalidade de crédito ou asistencia financeira ás persoas participantes, nin conceder bonificacións, partidas gratuítas ou elementos intercambiáveis por diñeiro ás persoas usuarias do xogo.

Artigo 4. Políticas de xogo responsable.

1. Xogo responsable enténdese como o conxunto de medidas tendentes a manter que a actividade de xogo da persoa xogadora se realiza de maneira consciente, sen detrimento da súa vontade e libre determinación, dentro duns parámetros saudables. O xogo fundaméntase, entre outros, nos seguintes principios:

- a) É unha forma de lecer adulto.
- b) É unha actividade social.
- c) Pode provocar adicción.
- d) Non é un medio de vida.
- e) O xogo esixe responsabilidade social corporativa.

2. As políticas de xogo responsable supoñen que o exercicio das actividades de xogo abordárase desde unha política integral de responsabilidade social corporativa que contemple o xogo como un fenómeno complexo onde se deben combinar accións preventivas, de sensibilización, de intervención e de control, e tamén de reparación dos efectos negativos producidos.

3. As accións preventivas deberanse enfocar á sensibilización, a educación, a información e a difusión das boas prácticas do xogo, e tamén a sensibilizar, informar e difundir respecto dos posibles efectos que unha práctica non adecuada do xogo pode producir. As actividades de xogo deberán ser desenvolvidas con sentido da responsabilidade social corporativa polas



empresas operador de xogo, mediante prácticas empresariais abertas e transparentes baseadas en valores éticos e o respecto cara ás persoas empregadas, as persoas xogadoras, a sociedade en xeral e o medio ambiente. As empresas titulares de locais de xogo deberán ofrecer ás persoas usuarias información sobre a natureza e medios utilizados en xogos ofrecidos, a prohibición de participar ás persoas menores de idade ou ás persoas incluídas no Rexistro de Persoas Excluídas de Acceso ao Xogo, os riscos que un exceso de actividade de xogo podería provocar e os posibles efectos que unha práctica non adecuada do xogo pode producir, fomentando as actitudes de xogo responsable, moderado, non compulsivo e consciente. Así mesmo, as empresas titulares de locais de xogo ou de sitios ou páxinas web de xogo deberán impartir ao seu persoal cursos de formación relacionados coas prácticas de xogo responsable e prevención do xogo patolóxico.

